

ct

Vitória, retrato dunha denuncia

de
Iria Pinheiro

(fragmento en galego)

PERSONAXES

VITÓRIA
AMIGA
AMADOR

ESCENOGRAFÍA

Un ángulo de 90°. parede e chan son un continuo. Un set televisivo neutro, un chroma. Calquera lugar, extrapolable.

ATREZZO

Cadeiras encartables.
Mesa encartable.
Lentellas.
Alfombra.
Maleta.
Documentos.
Libretas.

Grazas a todas as persoas que me axudaron a sobrevivir e a escribir.

LIMIAR

1. INSTRUCCIÓN
2. COMUNICADO
3. CRÓNICA DA INMUNDICIA
4. JABBING
5. VITÓRIA E AS EMOCIÓNS
6. DIARIOS (I)
7. A VÍTIMA PERFECTA
8. DIARIOS (II)
9. OS COIDADOS
10. JUSTICE IS A CABARET
11. VER OU NON VER?, ESA É A PREGUNTA.
12. DIARIOS (III)
13. VITÓRIA

INSTRUCCIÓN

VITÓRIA entra pola platea.

Sobe ao palco, colle do chan unha cadeira encartable, ábrea e senta de costas ao público.

Seguidamente a actriz que interpreta a AMIGA entra ao palco desde a pata dereita cunha cadeira encartable na man, ábrea e senta fronte a VITÓRIA, un pouco en diagonal para que o público poida ver o seu rostro.

AMIGA

Todo o que diga ten que quedar por escrito, así que ten que explicar os feitos con palabras, aquí non valen xestos. Comprende?

VITÓRIA asente nerviosa coa cabeza.

AMIGA

Imos proceder a tomar declaración á denunciante Dona Iria Piñeiro Santos. Dado que o tipo de delito deste procedemento é un tipo de presunto delito de acoso sexual ou laboral, na aplicación do Estatuto da Vítima imos tomar declaración a través deste sistema para evitar que a denunciante teña que confrontarse con nós directamente ao longo da súa declaración.

Tamén lle pido aos letrados, por deontoloxía profesional... polo tipo de delito... que intenten non ser reiterativos.

Non vou aceptar ningún tipo de preguntas sobre a vida sexual persoal da denunciante que non teña nada que ver con este procedemento e imos tentar ir o máis fluído posible.

Señora Piñeiro, vostede ratifica o contido da súa denuncia?

VITÓRIA

(Dubitativa) ...Si.

AMIGA

(Tomando uns papeis) O terceiro episodio que vostede describe na denuncia é do día 27 de marzo de 2017. Di que este señor a agarra a vostede e a trae cara a si. Explíquenos este episodio.

VITÓRIA

Si. Ese foi o primeiro día de gravación do programa, gravábanse dous cada tarde, era o final do día, desmaquilláronme, e eu xa tiña a mochila lista e funme despedir. E estaban todos no apartado de perruquería. Alí estaba EL, apoiado... sentado nunha mesa, mentres había un entorno de xente, falaban.

EL fíxome o xesto así de atraerme e bueno, dixen, irá a despedirse de min, terei que darlle dous bicos ao xefe... EL fixo esta cousa como de “ven hacia aquí” e foi cando me agarrou, pegouseme ao ouvido e foi cando me ameazou, díxome:

(Sae do escuro, entra en luz)

AMADOR

Que sea la última vez que vuelves a actuar mal para que yo tenga que escoger la toma que tú quieres.

VITÓRIA

E eu, claro, boteime para atrás o que puiden, aínda así ficamos próximos e rebatinlle – eu non traballo mal a propósito, non é a miña intención.

AMIGA

Explíquenos máis, como a agarrou, como quedaron de próximos, se houbo contacto físico, explíquenos máis esta situación.

VITÓRIA

Si. Non sei... Podo xesticular?

AMIGA

A ver, se pode verbalizalo, mellor. Aquí o que queda transcrito é o que se rexistra por audio, non as imaxes.

VITÓRIA

Claro. (Pantomima mentres describe) Pois a situación é que me agarrou polos ombros e me atraeu cara a EL.

AMIGA

E quedaron próximos os corpos?

VITÓRIA

Si, claro, o contacto foi como se bailásemos agarrados.

Foi próximo, cara a cara. O corpo pegado ao corpo. Moi cerca as caras. A súa boca estaba no meu ouvido. Era unha aproximación moi íntima para o que era un xefe.

Mesmo un compañeiro non me gustaría que me agarrase así.

Entón, foi moi cercano e eu... (colle aire) El agarrábame e eu non o agarrei.

AMIGA

Por onde a agarraba? Por onde a agarraba?

VITÓRIA

Polo... polos... (intenta xesticular) Ai, perdón! Polos ombros, si, polos ombros.

AMIGA

Polos ombros?

VITÓRIA

Si, ombro, pezozo... Esa parte. EL deume un abrazo de fronte. A esta (sinala) altura dos ombros e o pescozo.

Achegoume a cara e polo tanto o corpo quedou pegado a EL, á cabeza del tamén.

AMIGA

Había alguén diante ou estaban sós?

VITÓRIA

Había xente, barullo no entorno, había unha conversa próxima. Estaban o presentador do programa, o monologuista machista e un fillo de Poncio Pilatos.

AMADOR

(Ao público) A noite anterior ao inicio da instrución do caso, Iria durmiu na Pensión Fornos de Compostela, na súa habitación ollouse ao espello e gravou vídeos co teléfono para lembrar aquel rostro.

(VITÓRIA fai que se grava co móbil ante un espello)

AMIGA

Vía en sí mesma a outra persoa, non era nai, nin esposa, nin sequera muller... Era aquel outro ser que recoñecía desde a infancia. Mestura de todas as posibilidades.

No cuarto da pensión ía calor, as sabas eran oitenta por cento polyester. Durmiu con medo de non espertar á hora.

Soa Navidad de Antonio Machín *(volume baixo)*.

VITÓRIA

Baixei a almorzar na cafetería Alabama, rúa do hórreo, número 21. Non ía frío. Puxera unha camiseta de seda sintética, vermella, se cadra demasiado para ir a un xulgado... E por riba un xersei fino de leopardo. Unha non pode ocultar tan facilmente quen é... Sentía certa vergoña pola miña vestimenta, tiña medo de ser xulgada por el, que parvada non si?

AMIGA

Café con leite grande e torrada con manteiga. Na radio, de fondo, soaba Navidad, de Antonio Machín. A actriz, soa, rodeada de figurantes, xente trasnoitada, un bo público para unha cabareteira. Sobe o volume da canción. AMADOR e AMIGA estarán sentades nas cadeiras coma os clientes daquel bar, Vitória bailar á entre as mesas. Lembranza de Anna Karina en "Vivir su vida", de Godard.